

XUNTA DIRECTIVA POR PROCEDIMENTO ESCRITO DO 16 DE SETEMBRO DE 2022

Dende ADERCOU, o día 16 de setembro de 2022, realizase convocatoria de **Xunta Directiva por Procedemento Escrito**, remitíndolle aos membros da Xunta Directiva a seguinte orde do día:

1.- Aprobación, si procede, dos Informes de Verificación do ICE e do ITE correspondentes aos seguintes proxectos da submedida 19.4B (Ditos informes de verificación foron remitidos por AGADER),

- **SEMINARIOS DE RECICLAXE DE ACEITES**
EXPTE. L22-1940-11-B0189
- **APOSTA POR UN ANO DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE NO TERRITORIO ADERCOU**
EXPTE. L22-1940-11-B0190
- **COMEDORES ESCOLARES RURAIS KMO**
EXPTE. L22-1940-11-B0191
- **RUTA ENOTURÍSTICA EN ADERCOU**
EXPTE. L22-1940-11-B0192

2.- Achegase xunto ca orde do día a notificación do pleno de Deputación Provincial de Ourense na sesión realizada o 29 de xullo de 2022, da solicitude de adhesión como asociado no GDR11-ADERCOU

Esta convocatoria xunto coa súa orde do día, envióselle aos membros da **Xunta Directiva por Procedemento Escrito** para a súa aprobación si o estiman procedente, tendo de prazo ata o día 20 de setembro ás 12:00horas. De non ter ningunha alegación en contra da súa aprobación o día 20 de setembro ás 12:00horas procedérase á redactar o acta aprobando os puntos da orde do día.

Ao non haber ningunha alegación e cumprindo o prazo acordado, todos os membros da Xunta Directiva dan a súa aprobación e conformidade por unanimidade os dous puntos reflectidos na orde do día,

1.-Aprobación, si procede, dos Informes de Verificación do ICE e do ITE correspondentes aos seguintes proxectos da submedida 19.4B (Ditos informes de verificación foron remitidos por AGADER)

2.- Achegase xunto ca orde do día a notificación do pleno de Deputación Provincial de Ourense na sesión realizada o 29 de xullo de 2022, da solicitude de adhesión como asociado no GDR11-ADERCOU

da convocatoria de **Xunta Directiva por Procedemento Escrito**.

O Presidente redacta un informe co punto reflectido na orde do día,

1.- Aprobación, si procede, dos Informes de Verificación do ICE e do ITE correspondentes aos seguintes proxectos da submedida 19.4B (Ditos informes de verificación foron remitidos por AGADER),

informase aos membros da Xunta Directiva que dende Agader remitiron os informes de Verificación do ICE/ITE Favorable dos seguintes proxectos de Promoción do Territorio:

- SEMINARIOS DE RECICLAXE DE ACEITES (EXPTE. L22-1940-11-B0189)
- APOSTA POR UN ANO DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE NO TERRITORIO ADERCOU (EXPTE. L22-1940-11-B0190)
- COMEDORES ESCOLARES RURAIS KM0 (EXPTE. L22-1940-11-B0191)
- RUTA ENOTURÍSTICA EN ADERCOU (EXPTE. L22-1940-11-B0192)

Dito informe foi enviado a Agader (Axencia Galega de Desenvolvemento Rural), xunto co resto da documentación esixida para continuar coa tramitación dos expedientes da submedida 19.4B de Promoción e Dinamización do Territorio.

2.- Achegase xunto ca orde do día a Notificación do Pleno Provincial de Ourense na sesión realizada o 29 de xullo de 2022, solicitud de adhesión como asociado no GDR11-ADERCOU,

A Deputación Provincial de Ourense envía unha notificación ao GDR11 Adercou na que comunica que na sesión de pleno realizada o 29 de xullo de 2022 adoptou o seguinte acordó:

1. Solicitar a adhesión da Deputación Provincial de Ourense á entidade asociativa GDR11 Adercou
2. Manifestar a conformidade desta entidade cos compromisos e obrigacións recollidos nos seus estatutos, os cales se aproban de xeito expreso.
3. Designar como representante da Deputación Provincial de Ourense nos órganos reitores de dita asociación, á Presidencia da Deputación Provincial ou deputado/a en quen delegue

ao non ter ningunha alegación en contra da súa aprobación e cumprindo co prazo acordado todos os membros da Xunta Directiva dan a súa aprobación e conformidade a este punto da orde do día, integrando na mesa de Entidades Públicas-Sector Público como asociado no GDR11 Adercou a Deputación Provincial de Ourense.

Vº e praxe

ADERCOU
PRESIDENCIA

Asdo. Manuel Seoane Rodríguez
Presidente Adercou

Asdo. Cesar Blanco Gómez
Secretario Adercou

